**ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 28/10/2021.**

ASISTENTES:
Presidente:
D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:
D. José Simoes Couceiro
Dª Raquel Caruncho Corral
Dª Yolanda Vázquez Busto
Dª Ángela Piñeiro Carrera
D. Daniel Ríos Fernández
D. Joshua Dopico López
Dª. Manuela García Fachal
Dª Alejandra Bellón Tenreiro
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro
D. Luis Angel Díaz González.
D. Luis Pena Mosquera
Dª Rocío Souto Torre

A Secretaria:
Dna. Ana Ramos Ramos.

A Interventora:
Dna. Lucia Varela Martínez.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontedeume, sendo as doce horas e catorce minutos do día vinte e oito de outubro de dous mil vinte e un, xúntanse de xeito telemático, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

**- SESIÓN ORDINARIA DE 30/09/2021**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***“PROPOSTA DE ACORDO***

***LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR***

***SESIÓN ORDINARIA 30/09/2021***

*(Expediente TEDeC: 2021/G006/000191)*



CVD: QZxVgFaeAUcvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:*

***SESIÓN ORDINARIA 30/09/2021***

*Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

***PRIMEIRO**. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:*

***SESIÓN ORDINARIA 30/09/2021***

***SEGUNDO.-**. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.*

*Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume, na data que figura na marxe"*

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO**. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 30/09/2021

**SEGUNDO.-**. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

## 2.- ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

A Secretaria da lectura ó ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 25/10/2021, que se transcribe a continuación:

***"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO***

***SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 25 de outubro de 2021***

***EXPDTE: 2021/G012/000014***

***Sesión nº: 31/2019-2023***

***3.- ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME***

*A Secretaria da lectura a proposta da Alcadía-Presidencia que se transcribe a continuación:*

***"PROPOSTA DE DITAME Á COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO***

***Expediente núm.:** 2021/G006/000188*

***Procedemento:** Elección de Xuíz de Paz Titular.*

*Logo de ver o escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con número de rexistro de entrada 2254 de data 08/10/2021, polo que se comunica a este Concello, a proximidade do vencemento do período de catro anos polo que se nomeou Xuíz de Paz titular deste municipio, e se inicie, se así se acorda, novo expediente para elixir Xuíz de Paz titular no prazo de tres*



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*meses, tal como establece o artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo do Poder Xudicial xa que, de non facelo, nomearase directamente pola Sala de Goberno do dito Tribunal.*

*Tendo en conta a providencia desta Alcaldía de data 14/10/2021 e o Informe da Secretaria Municipal sobre o procedemento, de data 19/10/2021, sométese, a ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno a seguinte* ***PROPOSTA DE ACORDO****:*

***PRIMEIRO****.- Incoar o expediente para a elección de Xuíz/a de Paz Titular no Concello de Pontedeume.*

***SEGUNDO****.- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz, así como na sede electrónica e na páxina web municipais, para xeral coñecemento e proceder á apertura dun prazo de 15 días hábiles para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas no Rexistro Xeral do concello de Pontedeume por medio de instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente. O prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.*

*Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.*

*Documento asinado dixitalmente, por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume á data sinalada na marxe"*

*A Presidencia abre a quenda para o debate ...//...*

*Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando* ***DITAMINADA FAVORABLEMENTE*** *en todos os seus termos a proposta transcrita, por* ***UNANIMIDADE*** *dos/as membros presentes"*

A Presidencia abre a quenda para o debate:

**- Toma a palabra o Sr. Luis Pena**, pregunta se é habitual que nestes casos o Concello faga algunha proposta de candidatos, o Sr. Bernardo Fernandez responde negativamente, comenta que é algo voluntario.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:.

**PRIMEIRO.-** Incoar o expediente para a elección de Xuíz/a de Paz Titular no Concello de Pontedeume.

**SEGUNDO**.- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz, así como na sede electrónica e na páxina web municipais, para xeral coñecemento e proceder á apertura dun prazo de 15 días hábiles para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas no Rexistro Xeral do concello de Pontedeume por medio de instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente. O prazo comezará a contarse a partir



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

do día seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

**3.- REGULAMENTO CONSTITUTIVO DA MESA POLA CONVIVENCIA E A IGUALDADE ESCOLAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME.**

A Secretaria da lectura ó ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 25/10/2021, que se transcribe a continuación:

***"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO.***

***SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 25 de outubro de 2021***

***EXPDTE: 2021/G012/000014***

***Sesión nº: 31/2019-2023***

***4.- REGULAMENTO CONSTITUTIVO DA MESA POLA CONVIVENCIA E A IGUALDADE ESCOLAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME***

*A Secretaria da lectura a proposta da Alcadía-Presidencia que se transcribe a continuación:*

***"PROPOSTA DE ACORDO***

***EXPDTE.- 2021/G013/000003***

***ASUNTO**.- APROBACIÓN DO REGULAMENTO CONSTITUTIVO DA MESA POLA CONVIVENCIA E A IGUALDADE ESCOLAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME*

*Tramítase expediente para a aprobación do REGULAMENTO CONSTITUTIVO DA MESA POLA CONVIVENCIA E A IGUALDADE ESCOLAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME, incorporando providencia da alcaldía de inicio do procedemento (27/09/2021), informe do servizo (24/09/2021) e borrador do Regulamento que se somete a aprobación.*

*Dende a Concellería de Educación deste concello tense detectada a necesidade e recibida a demanda que distintos colectivos de poboación nos trasladan sobre diversas problemáticas que afectan á comunidade escolar no seu conxunto e, que como administración máis próxima á cidadanía, temos a obriga de atender: acoso escolar, desigualdade social, comunicación, fracaso escolar, absentismo...entre outras.*

*É urxente, á vez que necesario, definir estratexias de acción que aporten a toda a comunidade escolar no seu conxunto un plan de traballo dirixido á mellora da convivencia de todas as persoas que directa ou indirectamente participan dela. Este plan de traballo ten que estructurarse nun espazo fixo de diálogo que imos denominar "Mesa pola Convivencia e a Igualdade Escolar do Concello de Pontedeume".*

*Dende unha perspectiva estrutural a Mesa será o órgano no que se analicen tanto as dificultades como as oportunidades que poida xurdir no ámbito da educación a nivel municipal. As actuacións irán orientadas, principalmente, hacia a diagnose, a prevención e a actuación ante calquera tipo de violencia que poida xurdir entre as distintas persoas que configuran a comunidade escolar eumesa; asi como, a establecer distintas accións para o fomento e desenvolvemento dun clima de convivencia pacifica e respectuosa na comunidade escolar do Concello de Pontedeume.*



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Tendo en conta o informe preceptivo da Secretaría Xeral emitido con data 20/10/2021 sobre o procedemento aplicable e a lexislación a seguir.*

*Realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte,* ***ACORDO:***

***PRIMEIRO.*** *Aprobar inicialmente o Regulamento constitutivo da mesa pola convivencia e a igualdade escolar do concello de Pontedeume, do seguinte teor literal:*

***REGULAMENTO CONSTITUTIVO DA MESA POLA CONVIVENCIA E A IGUALDADE ESCOLAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME***

***CAPÍTULO PRIMEIRO***

***DISPOSICIÓNS XERAIS***

***ARTIGO 1.- CREACIÓN***

*De conformidade co establecido na Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no seu artigo 25) puntos e), n) e o)***,** *polo que se regula a "..avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social", a "participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria" e nas "actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero" é necesario para o correcto cumprimento destas normas, por parte da comunidade educativa do Concello de Pontedeume, a constitución dun órgano de vixilancia que avalíe e fomente as boas prácticas de civismo e respecto dentro do noso ámbito educativo municipal redundando así nun detrimento do absentismo e abandono escolar. Créase, con base no anterior, a Mesa Local pola Convivencia Escolar do Concello de Pontedeume que terá as competencias, funcións e estruturas que estableza este regulamento.*

*Terase en conta, igualmente, o disposto no Regulamento de participación cidadá aprobado.*

***ARTIGO 2.-NATUREZA***

*A Mesa pola Convivencia Escolar é un órgano consultivo e asesor, de carácter non vinculante para o Concello de Pontedeume, en todas as cuestions que supoñan o desenvolvemento das súas funcions e competencias que redunden nun maior benestar social e calidade de vida do sector educativo no termo municipal.*

*Esta Mesa pola convivencia escolar en ningún modo suplirá a representación que para o sector educativo poida implantar calquera norma de carácter superior.*

***ARTIGO 3.- FINALIDADE***



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Ten como finalidade fundamental dar cumprimento ao establecido no artigo 27.2 da*

*Constitución Española que sinala que "A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais", así como a cooperación entre todos os axentes da comunidade educativa co fin de avaliar a situación actual da convivencia escolar na nosa vila, detectar as posibles problemáticas e traballar conxuntamente para solventalas coa posta en marcha de talleres, charlas, actividades ou calquera outra acción destinada para tal efecto.*

***ARTIGO 4.- FUNCIÓNS***

*Son funcións da Mesa pola Convivencia:*

*1) Estudar e analizar a situación en materia de convivencia escolar no Municipio de*

*Pontedeume.*

*2) Fomentar a mellora da convivencia no entorno escolar, favorecendo así unha mellora nas relacións interpersoais entre iguais e coas figuras de autoridade, así como a posta en práctica de valores e condutas prosociais que favorecen o éxito escolar e a integración do alumnado.*

*3) Fomentar a coordinación entre todas as persoas que constitúen a comunidade educativa.*

*4) Favorecer o desenvolvemento de actividades, plans ou programas que teñan por obxeto a mellora da convivencia escolar.*

*5) Promover o deseño de actividades que, mediante plans de información e sensibilización da sociedade, eviten condutas discriminatorias, agresivas ou de estigmatización social.*

*6) Elaborar, emitir e comunicar cantos informes se consideren oportunos co obxecto de mellorar a convivencia no eido educativo do concello de Pontedeume.*

***ARTIGO 5.- INTEGRACIÓN DA ACTUACIÓN***

*A actuación da Mesa terá carácter integral e asumirá todos os aspectos relacionados co eido da educación e do benestar social, dende o punto de vista cultural, social, educativo e psicolóxico.*

***CAPÍTULO SEGUNDO***

***O PLENO***

***ARTIGO 6.- O PLENO DA MESA. COMPOSICIÓN.***

*A Mesa Local pola Convivencia artellarase a través do Pleno que estará composto por:*

- *Presidenta/e : A/O concelleira/o de Educación .*
- *A/O concelleira/o de Igualdade.*



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *1 Persoa representante da dirección de cada centro educativo de Pontedeume.*
- *1 Persoa representante do departamento de orientación de cada centro.*
- *1 Persoa representante da Anpa de cada centro.*
- *1 Persoa representante do alumnado de cada centro no que exista esta figura.*
- *1 Persoa representante da Consellería de Educación.*
- *1 Persoa representante do Departamento de Asuntos Sociais.*
- *1 Secretaria/o que será sempre persoal funcionario da administración local.*

***ARTIGO 7.- FUNCIÓNS***

*a) Expoñer, coñecer e avaliar a situación en materia de convivencia escolar no concello de Pontedeume.*

*b) Determinar as posibles actuacións e programas destinados a colaborar na mellora da convivencia escolar, establecendo prioridades e colaboracións na achega de recursos.*

*c) Establecer os ditames que sobre a materia lle sexan solicitados.*

*d) Aprobar as actas das sesións anteriores.*

***ARTIGO 8. - FUNCIONAMENTO***

***A) Reximen de sesións***

*O Pleno da Mesa pola Convivencia Escolar reunirase con carácter ordinario dúas veces no curso escolar. A primeira nos primeiros meses do curso e a segunda ao final do mesmo. Con carácter extraordinario, reunirase, previa convocatoria para o efecto, cantas veces o estime a/o presidenta/e, á vista dos asuntos a tratar, a urxencia e trascendencia.*

*Poderá tamén celebrarse sesión extraordinaria cando o pida cando menos a cuarta parte do número persoas vogais.*

*En cada convocatoria, na que se especificará a data, hora e lugar en que se celebrará a sesión, expresarase por escrito a orde do día, que deberá ser remitida a cada unha das persoas membros da Mesa cando sexan convocadas.*

***B) Actas***

*De cada sesión darase conta nunha acta que redactará a/o secretaria/o e que deberá ir subscrita pola persoa que teña ese cargo co visto e prace da/o presidenta/e.*



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Esta acta remitirase a todas as persoas membros da mesa xunto coa orde do día na próxima sesión, e o primeiro punto de dita orde será o coñecemento e aprobación , se procede, da mesma.*

***C) Convocatoria de sesións***

*As sesions serán convocadas cunha antelación mínima de 2 días hábiles. O prazo entre a primeira e a segunda será de media hora, sendo necesario en primeira convocatoria, para celebrar a sesión, a asistencia da maioría simple e, dun terzo das persoas compoñentes da mesa, en segunda convocatoria, que nunca poderá ser inferior a tres.*

***D) As/Os asistentes***

*A/O presidenta/e, ou a petición dalgún persoa membro da Mesa, poderá invitar ao Pleno a canto persoal técnico municipal estime oportuno co fin de que interveñan nos termos que se lles solicite. Igualmente, a/o presidenta/e poderá invitar a persoas de recoñecida solvencia e interese no campo do sector da Educación, da Psicoloxía ou da Convivencia Social.*

***ARTIGO 9.-AS PERSOAS MEMBROS DA MESA.- DURACIÓN DO MANDATO**.*

*As persoas que constitúan a Mesa pertencentes á Corporación Municipal conservarán a súa condición na Mesa mentres permanezan nos seus cargos como membros da Corporación.*

*As persoas representantes designadas polos organismos, colectivos e entidades representados polo Pleno, serán designados pola entidade respectiva, de acordo coas súas normas internas de funcionamento ao inicio de cada curso escolar.*

*Se unha persoa representante dos organismos, colectivos ou entidades aos que se fixo mención deixase de formar parte da organización respectiva, ou esta desaparecese ou cambiase de natureza ou finalidade, esa persoa representante causará baixa automática na Mesa.*

***CAPÍTULO TERCEIRO***

***DA PRESIDENCIA***

***ARTIGO 10.- FUNCIÓNS DA PRESIDENTA/E***

*Corresponde á presidenta/e da Mesa:*

*a) Ostentar a representación da Mesa.*

*b) Presidir as sesións do Pleno e moderar os debates.*

*c) Asegurar o cumprimento dos acordos.*

*d) Velar polo cumprimento deste regulamento.*

*e) Someter iniciativas e propostas a consideración do Pleno.*



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*f) Exercer cantas funcións lle asigne a Mesa, sempre que sexan inherentes á súa condición, así como cantas competencias que a lexislación de carácter local lle atribúe á/ao aaldesa/alcalde como presidenta/e de órgano plenario.*

***CAPÍTULO CUARTO***

***DA/DO SECRETARIA/O DA MESA E DAS/DOS VOGAIS***

***ARTIGO 11.- DA/DO SECRETARIA/O***

***1. NOMEAMENTO***

*A mesa dotarase dunha/dun secretaria/o que será unha/un empregado/a público/a do Concello de Pontedeume.*

***2.FUNCIÓNS***

*O/A secretaria/o terá as seguintes funcións:*

*a) Asistir á Presidencia e o Pleno en todos aqueles asuntos para os que se lle requira e que sexan inherentes á súa condición.*

*b) Efectuar as convocatorias das sesións do Pleno, mediando orde da Presidencia,*

*así como as citacións ás persoas membros da Mesa, remitindo a documentación correspondente.*

*c) Levantar actas do Pleno.*

*d) Cantas funcions lle encomende o Pleno e que sexan propias da súa condición.*

***ARTIGO 12. - DAS/DOS VOGAIS***

***1.NOMEAMENTO***

*O nomeamento das/dos vogais farase de acordo coas normas internas que para este fin teñan designados os distintos colectivos e persoas que constitúen a comunidade educativa .*

***2. CESAMENTO DE VOGAIS***

*Pode producirse o cesamento de vogais polos seguintes motivos:*



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*a) A petición propia.- Neste suposto a persoa vogal cesada será substituída pola que se designe na entidade á que representa, sendo a dita entidade a que deberá nomear a persoa substituta para vogal que se incorpore.*

*b) Por acordo da entidade ou organismo representado na Mesa. O organismo de que se trate, ao igual que no apartado anterior, deberá designar unha nova persoa representante.*

***DISPOSICIÓN FINAL***

*O presente Regulamento entrará en vigor, segundo prescribe o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aos quince días da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.*

***SEGUNDO.*** *Someter o antedito Regulamento municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.*

*Simultaneamente, publicar o texto do Regulamento municipal no portal web do Concello de Pontedeume co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.*

***TERCEIRO.*** *De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno o Acordo de aprobación definitiva tácita do Regulamento, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.*

*Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.*

*Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.*

***CUARTO.*** *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.*

*O Alcalde.*
*Bernardo Fernández Piñeiro*
*Asinado dixitalmente"*

*A Presidencia abre a quenda para o debate ... // ...*

*Non habendo máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando* ***DITAMINADA FAVORABLEMENTE*** *en todos os seus termos a proposta transcrita, por* ***UNANIMIDADE*** *dos/as membros presentes"*

A Presidencia abre a quenda para o debate:

**- Toma a palabra o Sra. Alejandra Bellón,** reitera o dito na Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 25/10/2021. Explica que é unha



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Mesa de traballo composta polos diferentes centros educativos para abordar o acoso escolar, a función da Mesa e avaliar a situación de convivencia nos devanditos centros, anque o Concello de Pontedeume non ten unha gran problemática neste tema, pero para que siga sendo así, hai que traballar na educación dos rapaces.

**- Toma a palabra a Sra. Rocio Souto**, neste Pleno quería acadar un compromiso por parte da Concellería de Deportes e da de Servizos Sociais e Educación, na creación dunha Mesa de convivencia no ámbito deportivo, para atallar a violencia estrutural que hai neste ámbito. Ao Alcalde, D. Bernardo Fernandez, parécelle unha boa proposta.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Regulamento constitutivo da mesa pola convivencia e a igualdade escolar do concello de Pontedeume, do seguinte teor literal:

**REGULAMENTO CONSTITUTIVO DA MESA POLA CONVIVENCIA E A IGUALDADE ESCOLAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME**

## CAPÍTULO PRIMEIRO

## DISPOSICIÓNS XERAIS

### ARTIGO 1.- CREACIÓN

De conformidade co establecido na Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no seu artigo 25) puntos e), n) e o), polo que se regula a "..avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social", a "participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria" e nas "actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero" é necesario para o correcto cumprimento destas normas, por parte da comunidade educativa do Concello de Pontedeume, a constitución dun órgano de vixilancia que avalíe e fomente as boas prácticas de civismo e respecto dentro do noso ámbito educativo municipal redundando así nun detrimento do absentismo e abandono escolar. Créase, con base no anterior, a Mesa Local pola Convivencia Escolar do Concello de Pontedeume que terá as competencias, funcións e estruturas que estableza este regulamento.

Terase en conta, igualmente, o disposto no Regulamento de participación cidadá aprobado.

### ARTIGO 2.-NATUREZA

A Mesa pola Convivencia Escolar é un órgano consultivo e asesor, de carácter non vinculante para o Concello de Pontedeume, en todas as cuestions que supoñan o desenvolvemento das súas funcions e competencias que redunden nun maior benestar social e calidade de vida do sector educativo no termo municipal.



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Esta Mesa pola convivencia escolar en ningún modo suplirá a representación que para o sector educativo poida implantar calquera norma de carácter superior.

**ARTIGO 3.- FINALIDADE**

Ten como finalidade fundamental dar cumprimento ao establecido no artigo 27.2 da

Constitución Española que sinala que "A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais", así como a cooperación entre todos os axentes da comunidade educativa co fin de avaliar a situación actual da convivencia escolar na nosa vila, detectar as posibles problemáticas e traballar conxuntamente para solventalas coa posta en marcha de talleres, charlas, actividades ou calquera outra acción destinada para tal efecto.

**ARTIGO 4.- FUNCIÓNS**

Son funcións da Mesa pola Convivencia:

1) Estudar e analizar a situación en materia de convivencia escolar no Municipio de

Pontedeume.

2) Fomentar a mellora da convivencia no entorno escolar, favorecendo así unha mellora nas relacións interpersoais entre iguais e coas figuras de autoridade, así como a posta en práctica de valores e condutas prosociais que favorecen o éxito escolar e a integración do alumnado.

3) Fomentar a coordinación entre todas as persoas que constitúen a comunidade educativa.

4) Favorecer o desenvolvemento de actividades, plans ou programas que teñan por obxeto a mellora da convivencia escolar.

5) Promover o deseño de actividades que, mediante plans de información e sensibilización da sociedade, eviten condutas discriminatorias, agresivas ou de estigmatización social.

6) Elaborar, emitir e comunicar cantos informes se consideren oportunos co obxecto de mellorar a convivencia no eido educativo do concello de Pontedeume.

**ARTIGO 5.- INTEGRACIÓN DA ACTUACIÓN**

A actuación da Mesa terá carácter integral e asumirá todos os aspectos relacionados co eido da educación e do benestar social, dende o punto de vista cultural, social, educativo e psicolóxico.

**CAPÍTULO SEGUNDO**

**O PLENO**

**ARTIGO 6.- O PLENO DA MESA. COMPOSICIÓN.**



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A Mesa Local pola Convivencia artellarase a través do Pleno que estará composto por:

- Presidenta/e : A/O concelleira/o de Educación .
- A/O concelleira/o de Igualdade.
- 1 Persoa representante da dirección de cada centro educativo de Pontedeume.
- 1 Persoa representante do departamento de orientación de cada centro.
- 1 Persoa representante da Anpa de cada centro.
- 1 Persoa representante do alumnado de cada centro no que exista esta figura.
- 1 Persoa representante da Consellería de Educación.
- 1 Persoa representante do Departamento de Asuntos Sociais.
- 1 Secretaria/o que será sempre persoal funcionario da administración local.

**ARTIGO 7.- FUNCIÓNS**

a) Expoñer, coñecer e avaliar a situación en materia de convivencia escolar no concello de Pontedeume.

b) Determinar as posibles actuacións e programas destinados a colaborar na mellora da convivencia escolar, establecendo prioridades e colaboracións na achega de recursos.

c) Establecer os ditames que sobre a materia lle sexan solicitados.

d) Aprobar as actas das sesións anteriores.

**ARTIGO 8. - FUNCIONAMENTO**

**A) Reximen de sesións**

O Pleno da Mesa pola Convivencia Escolar reunirase con carácter ordinario dúas veces no curso escolar. A primeira nos primeiros meses do curso e a segunda ao final do mesmo. Con carácter extraordinario, reunirase, previa convocatoria para o efecto, cantas veces o estime a/o presidenta/e, á vista dos asuntos a tratar, a urxencia e trascendencia.

Poderá tamén celebrarse sesión extraordinaria cando o pida cando menos a cuarta parte do número persoas vogais.

En cada convocatoria, na que se especificará a data, hora e lugar en que se celebrará a sesión, expresarase por escrito a orde do día, que deberá ser remitida a cada unha das persoas membros da Mesa cando sexan convocadas.



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**B) Actas**

De cada sesión darase conta nunha acta que redactará a/o secretaria/o e que deberá ir subscrita pola persoa que teña ese cargo co visto e prace da/o presidenta/e.

Esta acta remitirase a todas as persoas membros da mesa xunto coa orde do día na próxima sesión, e o primeiro punto de dita orde será o coñecemento e aprobación , se procede, da mesma.

**C) Convocatoria de sesións**

As sesions serán convocadas cunha antelación mínima de 2 días hábiles. O prazo entre a primeira e a segunda será de media hora, sendo necesario en primeira convocatoria, para celebrar a sesión, a asistencia da maioría simple e, dun terzo das persoas compoñentes da mesa, en segunda convocatoria, que nunca poderá ser inferior a tres.

**D) As/Os asistentes**

A/O presidenta/e, ou a petición dalgún persoa membro da Mesa, poderá invitar ao Pleno a canto persoal técnico municipal estime oportuno co fin de que interveñan nos termos que se lles solicite. Igualmente, a/o presidenta/e poderá invitar a persoas de recoñecida solvencia e interese no campo do sector da Educación, da Psicoloxía ou da Convivencia Social.

**ARTIGO 9.-AS PERSOAS MEMBROS DA MESA.- DURACIÓN DO MANDATO**.

As persoas que constitúan a Mesa pertencentes á Corporación Municipal conservarán a súa condición na Mesa mentres permanezan nos seus cargos como membros da Corporación.

As persoas representantes designadas polos organismos, colectivos e entidades representados polo Pleno, serán designados pola entidade respectiva, de acordo coas súas normas internas de funcionamento ao inicio de cada curso escolar.

Se unha persoa representante dos organismos, colectivos ou entidades aos que se fixo mención deixase de formar parte da organización respectiva, ou esta desaparecese ou cambiase de natureza ou finalidade, esa persoa representante causará baixa automática na Mesa.

**CAPÍTULO TERCEIRO**

**DA PRESIDENCIA**

**ARTIGO 10.- FUNCIÓNS DA PRESIDENTA/E**

Corresponde á presidenta/e da Mesa:

a) Ostentar a representación da Mesa.

b) Presidir as sesións do Pleno e moderar os debates.

c) Asegurar o cumprimento dos acordos.



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

d) Velar polo cumprimento deste regulamento.

e) Someter iniciativas e propostas a consideración do Pleno.

f) Exercer cantas funcións lle asigne a Mesa, sempre que sexan inherentes á súa condición, así como cantas competencias que a lexislación de carácter local lle atribúe á/ao aaldesa/alcalde como presidenta/e de órgano plenario.

**CAPÍTULO CUARTO**

**DA/DO SECRETARIA/O DA MESA E DAS/DOS VOGAIS**

**ARTIGO 11.- DA/DO SECRETARIA/O**

**1. NOMEAMENTO**

A mesa dotarase dunha/dun secretaria/o que será unha/un empregado/a público/a do Concello de Pontedeume.

**2. FUNCIÓNS**

O/A secretaria/o terá as seguintes funcións:

a) Asistir á Presidencia e o Pleno en todos aqueles asuntos para os que se lle requira e que sexan inherentes á súa condición.

b) Efectuar as convocatorias das sesións do Pleno, mediando orde da Presidencia,

así como as citacións ás persoas membros da Mesa, remitindo a documentación correspondente.

c) Levantar actas do Pleno.

d) Cantas funcions lle encomende o Pleno e que sexan propias da súa condición.

**ARTIGO 12. - DAS/DOS VOGAIS**

**1.NOMEAMENTO**

O nomeamento das/dos vogais farase de acordo coas normas internas que para este fin teñan designados os distintos colectivos e persoas que constitúen a comunidade educativa .

**2. CESAMENTO DE VOGAIS**



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pode producirse o cesamento de vogais polos seguintes motivos:

a) A petición propia.- Neste suposto a persoa vogal cesada será substituída pola que se designe na entidade á que representa, sendo a dita entidade a que deberá nomear a persoa substituta para vogal que se incorpore.

b) Por acordo da entidade ou organismo representado na Mesa. O organismo de que se trate, ao igual que no apartado anterior, deberá designar unha nova persoa representante.

**DISPOSICIÓN FINAL**

O presente Regulamento entrará en vigor, segundo prescribe o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aos quince días da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

**SEGUNDO.** Someter o antedito Regulamento municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Simultaneamente, publicar o texto do Regulamento municipal no portal web do Concello de Pontedeume co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

**TERCEIRO.** De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno o Acordo de aprobación definitiva tácita do Regulamento, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

**CUARTO.** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

**4.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO**

A Secretaria da lectura ó ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda do 25/10/2021, que se transcribe a continuación:

**"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONOMICOS E FACENDA**
**SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 25 DE OUTUBRO DE 2021**
**EXPDTE: 2021/G012/000015**
**SESIÓN: 32/2019-2023**

**2.- ASUNTOS DE URXENCIA.**



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO**

A Secretaria da lectura a proposta de Alcadía-Presidencia, que se transcibe a continuación:

***"PROPOSTA DE ACORDO***

***RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO***

*Expediente TEDeC 2021/G006/000184, relacionado co 2021/X999/000485*

*Logo de ver a Providencia da Alcaldía asinada dixitalmente o 19/10/2021respecto das facturas incluídas na relación F/2021/19 e o pago da cota da Comunidade de propietarios de avd. Dr. Villanueva nº 34 para a súa aprobación por Pleno, e a súa correción de erros, incoando expediente para a súa aprobación a tramitar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos por tratarse de gastos realizados no exercicio 2020 e para as que existe crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación no exercicio 2021 e que se achegaron ao rexistro de facturas xa neste exercicio 2021:*

*Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de referencia 334/2021, de asunto: "Fiscalización de facturas F/2021/19 (Recoñecemento extraxudicial de créditos)" asinado dixitalmente o 19 de outubro de 2021, que se xunta ao expediente*

*Logo de ver que no dito informe se sinala o incumprimento dos límites do contrato menor, sendo que na medida do posible se están incoando os procedementos necesarios para dar cumprimento á normativa de aplicación, se ben debe terse en conta a sobrecarga dos servizos, os cambios lexislativos que requiren formación e adaptación na forma de traballar aos novos requerimentos e obrigas legais e regulamentarias, a necesaria implantación e adecuación á administración electrónica, e fundamentalmente á falta de persoal para atender todas as tarefas encomendadas.*

*Proba destes avances foron as incorporacións de tres funcionarias interinas; e, no servizo de tesourería, tamén se procedeu á regularización do posto de tesourería e á súa cobertura por funcionaria con habilitación de carácter nacional, actualmente en réxime de acumulación.*

*Igualmente en decembro de 2019 aprobouse a oferta de emprego público e tamén se ten aprobado a oferta de emprego deste ano 2021, na que se ofertan dúas prazas, unha de técnico de xestión e outra de técnico de contratación.*

*Sendo vontade deste goberno continuar dando pasos hacia o cumprimento de todas as carencias sinaladas, intentando dotar de persoal determinados servizos do concello de cara a dar cumprimento ás obrigas legais de tramitación electrónica e todas as novas funcións e mellora de procedementos a que veñen obrigando as numerosas leis que se veñen aprobando nos últimos tempos, estando en tramitación tamén dúas prazas de mobilidade.*

*Igualmente se teñen introducido moitos cambios na tramitación administrativa electrónica*

*Tendo en conta ademáis que os servizos facturados se teñen prestado e que os prezos se axustan a mercado e a contratacións similares, procede aboar o importe das facturas para*



CVD: QZxVgFaeAUCvc+YE0DQr
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

